

# FAIA

(*Fagus sylvatica*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fagales

FAMILIA: Fagáceas

Árbore de ata 40 m de altura coa copa redondeada e mesta. Medra lentamente e acada a madurez aos 100 anos.

O toro é recto coa tona lisa de cor verde-gris e ramificación ergueita.

É unha árbore típica de climas fríos, orixinaria de Europa Central. Precisa humidade e temperaturas frescas todo o ano.

A madeira de faia é de boa calidade e úsase para facer mobles e parquet.

Noutros tempos usouse para facer carbón. En Galicia é escasa. Só se atopa en zonas montañosas da provincia de Lugo.

Os mellores exemplares consérvanse en parques e xardíns.

Os faiais galegos son pequenas masas forestais asociados moitas veces aos terreos calcáricos ou situados en zonas de transición con carballeiras, en terreos montañosos orientados ao norte. Son bosques umbríos e con pouco mato. Os máis importantes atópanse nos Ancares (Pintinidoira), O Courel (Devesa de Rogueira, Romeor), O Cebreiro (Liñares, Zanfoga, Riocereixa, Fonteformosa) e A Marronda.



As follas son alternas, ovais-apuntadas coa beira lixeiramente ondeada e con peliños, cos nervos e o envés peludos. O peciolo é curto.



Os froitos (faiuchos), secos, están encerrados nunha cúpula cuberta de pelos grosos e duros que se abre ao madurar. As sementes son comestibles.



**Faias na Marronda.** Baleira (Lugo). Nesta fraga atópase o límite occidental de distribución da faia. Forman manchas nas zonas máis húmidas dentro dun bosque mixto de carballos, bidueiros, carbas, capudres, avelaíras, acivros...



**Faia no Monte Aloia** (Tui-Pontevedra). Ten máis de 3 m de perímetro troncal, uns 20 m de altura e case 30 m de diámetro de copa.



**Faias na Devesa de Rogueira.** O Courel (Lugo).

As faias atópanse mesturadas con carballos, carbas, acivros, teixos, pradairos, capudres...



**Faial de Fonteformosa.** Pedrafito do Cebreiro (Lugo). O faial máis puro de Galicia.



**Faias do Parque de Castrelos.** (Vigo). Teñen máis de 150 anos. A máis grande ten 42 m de altura e case 3,50 m de perímetro.

# ABELAIRA

Adela Leiro, Mon Daporta

ABELEIRA, ABELANEIRA, ABRAIRA

(*Corylus avellana*)

CLASE: Anxiospermas

ORDE: Fagales

FAMILIA: Betuláceas

Pode ser unha árbore pequena de copa densa ou un arbusto que bota ponlas desde a base. Acada ata os 8-10 m de altura. O toro é curto e dereito, coa tona gris-vermella, lisa e brillante cando é nova e máis escura e gretada canto mái vella. Gosta de solos soltos e frescos, silíceos ou calcáricos, en zonas de abundantes chuvias. É orixinaria de Europa, Asia Menor e Norte de África. En Galicia é máis común nas zonas de media e alta montaña. Nas zonas costeiras atópanse exemplares illados ou formando pequenos grupos. Pode aparecer formando parte do sotobosques nas fragas e bosques mixtos asociado ás zonas húmidas ou formar abeledas en barrancos e valgadas sombrizas sobre ladeiras empinadas, formacións densas e cunha rica diversidade botánica.

Aproveítase a semente, que é comestible, e as varas para cestería e tonelería. A tona (especialmente a das raíces) emprégase en medicina tradicional como astrinxente, o pole como sudorífico e as follas como vasoconstrictoras.

As follas son caedizas, simples, alternas, case redondas e acorazonadas na base, de 7 a 10 cm de lonxitude, coa beira dobremente serrada e con peliños pola cara.



A flores son unisexuais e nacen no mesmo pé, antes que as follas. As masculinas son amentos longos de ata 9 cm de lonxitude. As femininas son ovais, de cor parda, rodeados por escamas dos que sobresaen os estigmas de cor vermella. Florecen de xaneiro a abril.



O froito (abelá) é un aquenio duro, de forma esférica-apuntada e cor castaña, cunha semente grande que se come. Os froitos están envoltos por 3 perfílos parcialmente fusionados a xeito de campá coas beiras recortadas.



**Abeleira do Parque de Castrelos** (Vigo).



**Abeleira do xardín do Pazo de Lourizán** (Pontevedra).



**Abeleda no río Seixo** (Cariño)